



A opción de Internet rural de R permitirá dotar de alta velocidade con 5G e wifi 6 preto de 300.000 fogares dispersos a consecuencia da difícil orografía galega

R leva a alta velocidade con solucións 5G a recunchos de Galicia onde non chega a fibra

_Xa son 148 os concellos galegos que dispoñen na actualidade desta proposta de R para zonas de difícil acceso ou de poboación diseminada onde non se pode chegar coa solución excelente da fibra óptica.

_R convértese no primeiro operador que lles dota dunha solución 5G converxente fixo e móbil a clientes/as sen fibra.

_R ten cobertura de fibra óptica de última xeración en todos os concellos de Galicia: 1,33 millóns de fogares cubertos tras 25 anos de despregadura de rede; os 300.000 inmobles restantes podería cubrilos, ata o peche de 2023, coa súa proposta de internet rural, sustentada na tecnoloxía 5G.

_As persoas e empresas clientas de R nestas zonas máis espalladas van gozar, así, de velocidades de ata 150 megas e poderán, entre outras cousas, facer uso de múltiples dispositivos á vez coa máxima calidade.

Mércores, 14 de decembro de 2022.- A dispersión da poboación de Galicia, que dende sempre foi un escollo na despregadura das redes de fibra óptica, non suporá dende agora un problema para que os habitantes destas zonas poidan ter accesos de alta velocidade ou conectar diversos dispositivos á vez nos seus fogares e empresas.

Dende este verán, **R** está a estender a súa solución de internet rural, (a través do chamado *mambo Axiña*) para cubrir arredor de 300.000 fogares que en Galicia non podían ata a data ter acceso á fibra óptica polas dificultades da orografía das súas contornas.

Así, **R** convértese no **primeiro operador que lles dota dunha solución 5G converxente fixo e móbil** a clientes/as sen fibra; e faino con vocación de levar esta proposta á maior parte posible de inmobles diseminados pola nosa xeografía en zonas de difícil acceso que vaian dispoñendo de conexións 5G en Galicia (ata o momento, máis do 70 % da poboación galega que se prevé sexa do 98 % a peche do ano que vén).

Nestes momentos son xa **148 os concellos galegos que contan con esta solución de Internet rural de R**, que por fin lles permitirá navegar a altas velocidades, como o fan xa 1,33 millóns de fogares cubertos coa solución excelente da fibra óptica de **R**. De feito, o operador galego leva 25 anos despregando fibra, rúa a rúa, no territorio, para dotar a comunidade das mellores infraestruturas de telecomunicacións e situala á vangarda europea e internacional en condicións de competir coas rexións máis avanzadas do mundo a calquera nivel.

5G e wifi 6 para minimizar a fenda dixital en Galicia

A nova solución de internet rural de **R** fundaméntase, por unha banda, na tecnoloxía 5G, cun *router* que permite conseguir velocidades de **ata 150 megas**, e, por outra, no sistema wifi 6, que facilita, por exemplo, unha **experiencia multidispositivo** excelente para conectar á vez distintos aparellos cunha latencia mínima, semellante á que terían cunha conexión de fibra (latencia= tempo que tarda en cargarse unha páxina, en enviarse un correo electrónico ou en executarse unha acción nun videoxogo en liña).

Dende que **R** comezou a implantar o sistema hai uns meses, o nivel de satisfacción detectado entre os/as clientes/as do operador galego coa solución de Internet rural é de 8 sobre 10, por riba de opcións como o adsl, o satélite ou outras posibles conexións. Ademais, a pandemia influíu -aínda que non tanto como se prevía nun principio- no éxodo dunha parte da poboación urbanita a zonas rurais, co que as novas tecnoloxías se fan cada vez máis necesarias nestas áreas para, entre outras cousas, poder teletraballar. E viceversa, fontes do INE confirman que habilitar estas zonas con accesos de alta velocidade animaron unha parte da poboación máis urbana a ocupar progresivamente eses espazos, moitas veces incluídos na chamada “España baleirada”, que tanto precisan dinamizarse.

Cando **R** complete a extensión de Internet rural en zonas de difícil acceso dos concellos galegos, a finais de 2023, poderase dispoñer das vantaxes da alta velocidade e das novas tecnoloxías na maior parte de Galicia, coa conseguinte redución da fenda dixital na comunidade.

148 concellos galegos que xa dispoñen da solución de Internet rural de R

A CORUÑA (54 concellos): Abegondo, Ames, Ares, Arteixo, Arzúa, Bergondo, Betanzos, Boiro, Brión, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Camariñas, Cambre, Carballo, Cariño, Carral, Cedeira, Cee, Coirós, Coristanco, A Coruña, Culleredo, Fene, Ferrol, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Melide, Miño, Mugar dos, Muros, Narón, Negreira, Noia, Oleiros, Ordes, Oroso, Ortigueira, Outes, Padrón, Pobra do Caramiñal, Ponteceso, Pontedeume, As Pontes de García Rodríguez, Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Sada, San Sadurniño, Santiago de Compostela, Santiso, Teo, Valdoviño, e Vedra.

LUGO (28 concellos): Barreiros, Begonte, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Cervo, Chantada, O Corgo, Cospoite, A Fonsagrada, Foz, Friol, Lugo, Meira, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Monterroso, Palas de Rei, Paradelas, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pontenova, Portomarín, Ribadeo, Sarria, Sober, Vilalba e Viveiro.

OURENSE (21 concellos): Allariz, O Barco de Valdeorras, Beariz, Os Blancos, Calvos de Randín, Carballeda de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, Lobeira, Maceda, Maside, Monterrei, Ourense, Piñor, Ribadavia, San Cibrao das Viñas, Toén, Verín, Vilamarín, Xinzo da Limia e Xunqueira de Ambía.

PONTEVEDRA (45 concellos): Arbo, Baiona, Barro, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, A Cañiza, Catoira, Crecente, A Estrada, Gondomar, O Grove, A Guarda, A Illa de Arousa, Lalín, Marín, Meaño, Meis, Moaña, Mondariz, Mos, As Neves, Nigrán, Oia, Poio, Ponte Caldelas, Pontearreas, Pontevedra, O Porriño, Redondela, Ribadumia, O Rosal, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño, Sanxenxo, Silleda, Soutomaior, Tomiño, Tui, Vigo, Vila de Cruces, Vilaboa, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.

#COBERTURA fibra: <https://lnkd.in/d3C2cg6f>
#COBERTURA 3/4/5G en detalle: <https://lnkd.in/dJVGjnFM>
#MAS info do mambo Axiña: <https://lnkd.in/d9XfQWr4>

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal